


VIGO POLO CLIMA

POR

**UN
VIGO**

**RESPI
RABLE**



**Decálogo de medidas para convertir Vigo
nunha cidade sustentable e resiliente.**

Decálogo realizado por:



**Amigos de
la Tierra**

**ecoloxistas
en acción**



GREENPEACE

verdegaiã



Mobilidade saudable e ao servizo da xente

As elevadas emisións de gases con efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica e acústica causada polo tráfico son graves problemas que están a afectar tanto á nosa contorna natural como á poboación viguesa, en especial a mozas, anciás e persoas con afeccións respiratorias. Por iso é fundamental fomentar a mobilidade non motorizada, activa e inclusiva, a pé e en bicicleta, dándolle prioridade sobre os demais medios.

Medidas para promover unha mobilidade máis saudable, ecolóxica, accesible e xusta:

Priorización da mobilidade activa e inclusiva, a pé e en bicicletas.

Programa de pacificación do tráfico a través de medidas de urbanismo

Establecemento dun plan de transporte sostible urbano-rural.


Fomento do uso da bicicleta: plan director, oficina da bicicleta, rede ciclista, aparcadoiros seguros, servizo de aluguer, campañas de concienciación.

Peonalización de rúas e establecemento de itinerarios peonís accesibles.

Implantación do billete climático: un billete único integrado cos doutras administracións, accesible a persoas con poucos recursos, que permita utilizar todos os modos de transporte e incentive o uso do transporte público.

Potenciación do transporte público e a intermodalidade.

**Por un Vigo
respirable**



Medidas para a redución dos quilómetros viaxados en coche nun 25% na próxima lexislatura, así como o seu impacto na saúde e calidade de vida:

Creación de aparcadoiros disuasorios nas principais entradas á cidade cunha boa conexión en frecuencia de transporte público co resto da cidade.

Control da violencia vial: circulación por riba dos límites de velocidade, paradas e estacionamentos ilegais.

Implantación de amplas zonas de baixas emisións nos maiores polos de atracción do tráfico.

Impedir a construción de novos aparcadoiros subterráneos de rotación, grandes atractores de tráfico.

Limitación do tráfico de reparto de mercadorías e establecemento de sistemas de última milla e promoción da cicloloxística.

Eliminación significativa das prazas de aparcamento de balde no casco urbano, agás as reservadas para residentes.

Eliminación significativa das prazas de aparcamento de balde no casco urbano, agás as reservadas para residentes.

Declaración das contornas de todos os centros de educación e saúde como zonas de especial sensibilidade, coa eliminación total do tráfico (preferentemente) ou a súa redución e pacificación.

**Por un Vigo
respirable**

2

Vigo, bosque urbano

Demandamos unha política integrada de respecto ao medio ambiente da cidade de Vigo, apostando pola renaturalización e a protección, ampliación e nova creación de áreas verdes. A conservación de parques e xardíns, de árbores das rúas, da flora de beirarúas e espazos libres reporta beneficios para a saúde e a calidade de vida das viguesas e vigueses.

Reforestación do parque do Castro para convertilo nunha gran área urbana verde, que inclúa a eliminación significativa de prazas de aparcamento e a restricción de acceso a coches.

Programa de eliminación de especies exóticas invasoras.

Plan de renaturalización, restauración, conservación e protección de espazos naturais.

Duplicación das zonas verdes da cidade en catro anos.

Contratación dun servizo de xestión do arboredo e vexetación urbana que, baixo criterios técnicos e científicos, aplique as mellores prácticas ecolóxicas en todos os aspectos: alcorques, escolla de especies, podas, biodiversidade.

Protocolo de revisión do estado fitosanitario do arboredo urbano que estableza a súa revisión anual e o tratamento preventivo de enfermidades.

**Por un Vigo
respirable**

3

Coidando do rural e da biodiversidade

O privilexio de contar cun amplo rural no municipio é unha oportunidade, non un castigo. O rural tamén protexe a cidade dos rigores do cambio climático, favorece a biodiversidade e contribúe de xeito importante á sustentabilidade.

Plan preventivo contra incendios forestais, asolagamentos e secas.

Renunciar a novas infraestruturas que atenten contra a superficie rural.

Elaboración dun censo actualizado da biodiversidade do concello.

Establecer zonas de reserva para a conservación da biodiversidade.

Controlar e limitar as actividades extractivas na contorna periurbana.

Fomento da mobilización de terras para a produción ecolóxica e recuperación de antigas terras de cultivo.

Creación e consolidación de servizos básicos (educación, sanidade, transporte sostible, comunicacións, servizos comunitarios no rural).

Ampliar a rede de espazos naturais protexidos a nivel local, que inclúan a xunqueira do Lagares, interconectada coa praia da Calzoa, os ríos Barxa e Eifonso, e crear un catálogo de espazos naturais a rexenerar.

Por un Vigo
respirable

MENOS VIAL
MAIS RURAL

4

Unha ría limpa e azul

A ría é Vigo e Vigo é a súa ría. Os rigores do cambio climático poñen en perigo o noso litoral, pola suba do nivel do mar, e os nosos recursos, polo aumento de temperaturas, acidificación oceánica e eventos climatolóxicos extremos. Coidar da ría é coidar da cidade.

Evitar máis aterramentos na ría.

Incidir na explotación sustentable dos recursos.

Investir no saneamento integral da ría.

Creación de espazos naturais protexidos no litoral.

Revisión da conexión de todas as industrias e vivendas á rede de saneamento.

Recuperación do perímetro da illa de Toralla para uso e acceso público en cumprimento da Lei de Costas.

Revisión de todos os colectores e estacións de bombeo das augas.

Monitorización en tempo real, accesible á cidadanía, dos parámetros de calidade da auga nos verquidos da EDAR.

Recuperar os espazos naturais do litoral eliminando infraestruturas abandonadas ou que non xustifiquen a súa instalación no litoral.

Por un Vigo
respirable

5

Protexer a auga, coidar dos recursos

A auga nin é abundante nin é un negocio. Cómpre xestionar este recurso vital de xeito responsable e democrático.

Fomentar medidas de aforro e uso racional a respecto do mantemento e o reaproveitamento.

Remunicipalización do abastecemento de auga.

Mellorar as redes de distribución de abastecemento e saneamento e control exhaustivo de fugas.

Plan de protección e recuperación de acuíferos e humedais.

Non instalar máis fontes, ríos ou fervezas ornamentais e deseño dun plan gradual para a eliminación das existentes.

Rexeitar o proxecto de construción dun novo encoro de abastecemento de auga e dun trasvase dende a conca fluvial do

Eliminación dos baldeos de rúas e beirarrúas, substituíndo estes por medios de limpeza mecánicos ou manuais en seco.

6

Enerxía: menos, eficiente verde e nas mans da xente

A emerxencia climática aprémanos a transformar os nosos municipios para limitar o quecemento global a 1,5 °C e, para logralo, a ciencia indica que temos que atinxir cero emisións netas en 2040. Os concellos urbanos son grandes consumidores de enerxía, pero tamén teñen moita capacidade de xeración renovable mediante plans de autoconsumo, autoconsumo compartido, comunidades enerxéticas e mesmo parques singulares.

Creación dun Plan de Acción de Clima e Enerxía que realice un inventario de emisións, unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do cambio climático e un plan de mitigación.

Plan de substitución de caldeiras comunitarias de gasoil dos edificios.

Abandono dos combustibles fósiles, apostando por unha enerxía 100% renovable de maneira urxente e prioritaria. Frear novas infraestruturas fósiles, incluídos viais e gasoleiras para vehículos particulares

Creación de cando menos unha comunidade enerxética e de autoconsumo con participación municipal.

Creación dunha oficina municipal da enerxía, de información cidadá sobre eficiencia enerxética e instalación de enerxías renovables, con especial apoio ás enerxías renovables comunitarias.

Creación dun Plan de Transición Enerxética municipal para acadar o pleno autoconsumo eléctrico 100% renovable.

Instalación nos edificios públicos paneis fotovoltaicos para consumo público e/ou compartir con persoas vulnerables.

O Vigo dos barrios: economía local, sá, limpa e de proximidade

É necesario avanzar nunha economía local e de proximidade, que impulse a soberanía alimentaria, silvicultura, agricultura e gandería ecolóxica e de proximidade. De igual xeito, cómpre recuperar a vida comunitaria nos barrios, fomentando lugares e actividades de socialización en detrimento do consumo desaforado.

Reducir a oferta de carne e incrementar a de alimentos de orixe vexetal, ecolóxicos, locais e de tempada.

Adhesión ao Pacto de Milán, de cidades con alimentación sostible e saudable.

Acadar a plena subministración agroecolóxica nos servizos de restauración municipais e estendéndoos ao resto da poboación (compra pública).

Renuncia á creación de máis grandes superficies comerciais na cidade.

Abandono do modelo Sogama: priorizar a prevención na xeración de refugallos; establecemento de programas de compostaxe doméstica, comunitaria e agraria; recolleita da fracción orgánica dos refugallos, establecemento de programas de porta a porta, quinto contedor, pago por xeración.

Por un Vigo
respirable

8

Unha fiscalidade xusta e verde

A fiscalidade ambiental pode mellorar a calidade de vida das persoas e lograr unha maior xustiza distributiva, que ademais redunde na mellora e coidado do noso medio ambiente.

Incrementar a tributación municipal sobre vehículos contaminantes e sobre a circulación, con criterios de equilibrio social.

Implantar unha taxa turística ou ecotaxa.

Reformular as taxas do lixo e ligalas á cantidade xerada por fogares e comercios.

Reducir significativamente a carga fiscal en vivendas e edificios que instalen autoconsumo ou realicen medidas de eficiencia enerxética.

Aplicar un imposto municipal sobre a caza e a pesca continental, ao tratarse dunha actividade económica realizada polas clases máis podentes (gasto suntuario) e con impacto ambiental.

Por un Vigo
respirable

9

Unha cidade que coida os coidados

Non hai xustiza ambiental sen xustiza social. A carón da crise climática e de biodiversidade subxace unha outra crise, a social, que fala dun excesivo incremento da concentración da riqueza, de desigualdades e de prácticas económicas que poñen en perigo a sustentabilidade da vida.

Crear instrumentos de desenvolvemento económico local, con criterios ambientais, dirixidos especialmente aos colectivos máis vulnerables.

Destinar fondos específicos a familias en pobreza enerxética.

Limitar de xeito radical a proliferación de pisos turísticos e pular pola vivenda social.

Programa de rehabilitación de vivendas de fogares en situación de vulnerabilidade, con criterios sociais e perspectiva.

Diagnosticar e identificar as zonas de actuación prioritarias, favorecendo especialmente as actuacións de rehabilitación global sobre o parque de vivenda social construído entre 1950 e 1980.

**Por un Vigo
respirable**

10

Vigo democrático e participativo

A toma de decisións que moldean a cidade cara o futuro non poden ser tomadas de costas á cidadanía. Necesitamos un concello aberto cun goberno que dialogue coa cidadanía e esté ao servizo de ela. Os grandes plans sectoriais deben incluír mesas de diálogo cos colectivos vigueses implicados.

Crear instrumentos de desenvolvemento económico local: orzamentos participativos, compra pública, moedas locais, cooperativas enerxéticas.

#VigoSomosTodxs

Reactivar e dotar de contido ao consello sectorial de medio ambiente municipal.

Xerar espazos de participación cidadá nas decisións municipais.

Favorecer o asociacionismo no municipio: creación de centros cívicos, ambientais....

Por un Vigo
respirable



VIGO POLO CLIMA

POR

**UN
VIGO**

**RESPI
RABLE**

**Decálogo de medidas para converter Vigo
nunha cidade sustentable e resiliente.**